



**VALDOVIÑO**

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA SETE DE DECEMBRO DE DOUS MIL VINTE E TRES.**

**Expte: 2023/G007/000040**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dezanove horas e trinta minutos do día sete de decembro de dous mil vinte e tres, reúnen en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 741 de data 5 de decembro/2023 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 30.11.23 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 30.11.23 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

### **2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN: REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME EN AVENIDA DE FERROL E NA COSTEIRA, POS + 2023 (SOLICITUDE DOCUMENTACIÓN).-**

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA**

“Expte.: 2023/C003/000003

Obra: Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en A Costeira

Aprobado o expediente de contratación de: “Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en A Costeira” incluído no Plan Único de Concellos Plan POS+2023

Consta a documentación técnica do enxeñeiro D. Miguel Ángel Fernández Rivera 27796 COATIE AC; cun importe total de 114.568,90 € (IVE incluído); IVE 19.883,86 euros; prezo sen IVE (94.685,04 €).

Licitación: procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación, con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

Realizada a publicación da licitación na Plataforma de Contratos do Estado e presentadas ofertas, en sesión de data 9 de outubro de 2023 a Mesa de contratación aperturou e

examinou a documentación do sobre A e acordou admitir ao licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. (único concorrente á licitación) ao comprobarse correcta a documentación presentada.

En data 2 de novembro de 2023 a mesa de contratación celebración sesión para a apertura e valoración dos criterios basados en xuízos de valor: 2023/C003/000003 *Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en A Costeira*. A documentación aportada polo licitador é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación:

2.- *Valoración criterios basados en juicios de valor: 2023/C003/000003 - Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en A Costeira Una vez remitida la información por el equipo técnico, éste ha valorado las proposiciones técnicas de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera: NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.:*

- *Esquema de plan de seguridad y salud Puntuación: 8,00*

- *Programa de trabajo Puntuación: 13,00*

- *Plan control de calidad Puntuación: 3,00*

- *Programa de actuación ambiental Puntuación: 7,00*

*TOTAL PUNTOS.....31,00*

En data 23 de novembro de 2023 a mesa de contratación celebra sesión para apertura da oferta económica contida no sobre "C". A empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A." axústase ao anexo II e fai constar :

*"4º. Prezo:*

*Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA):*

*A) Precio sen IVE: 94.685,04 euros*

*B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE): Porcentaxe: 21 % Importe 19.883,86 euros*

*C) TOTAL (A+B): 114.568,90 EUROS"*

*Comprobado co Programa de Valoración de Ofertas Económicas da Deputación a non existencia de baixa temeraria na oferta.*

*"5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras Declara responsablemente que na data de publicación da licitación: 5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de 34 persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de 31 persoas." "5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma é de 23 persoas o que representa un 67,65% sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en persoal." Comprobado cos pliegos que o abano de puntuación é de 0 a 10 puntos corresponde unha puntuación de 9,02 puntos. "5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de 2 mulleres, o que representa un 8,70% sobre o número global de persoas traballadoras fixas en persoal." Comprobado cos pliegos que o abano de puntuación é de 0 a 10 puntos corresponde unha puntuación de 7,25 puntos. "5.4.- O número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de Emprego, é de 0, o que representa un 0,00 % sobre o persoal global da empresa." Comprobado cos pliegos que o abano de puntuación é de 0 a 5 puntos corresponde unha puntuación de 0 puntos.*

“6º.- Plan de igualdad:” O licitador declara a existencia dun plan de Igualdade polo que de acordo cos pliegos corresponde unha puntuación de 5 puntos

A MESA PROPÓN ao Órgano de Contratación, a adxudicación do contrato Reforzo de rodadura no camiño de acceso a Outeiro á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. motivada a proposta en que foi a única entidade licitadora e en que a súa oferta non está incurso en causa de anormalidade ao coincidir co tipo de licitación.”

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta que non incorre ne baixa temeraria cun importe:

- A) Prezo sen IVE: 94.685,04 euros
- B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 19.883,86 euros
- C) TOTAL (A+B): 114.568,90 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dnde o seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula 16.- Adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación, incluída a garantía definitiva (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 4.734,25 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da estrada en A Costeira.

**Segundo.-** Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá o que estime convinte.

O Alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003//000003).**

### **3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-**

#### **A.-Validación de información técnica**

#### **PROPOSTA DE ALCALDÍA DE VALIDACIÓN DE INFORMACIÓN TÉCNICA**

“Expte. 235/2022 Tedec 2022/U022/000022

**.- Expte. de obras 235/2022.-** [REDACTED] Castro (representada por [REDACTED])

[REDACTED].- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada situada no Lugar Riaña, 13, parroquia de Meirás, concello de Valdoviño, e de acordo coa

documentación técnica achegada e asinada polos arquitectos Elena Sarmiento Diez y Adrián Martín Prieto.

Concédesse a licenza de edificación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 25.05.2023 condicionado o inicio das obras á aportación da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Nomeamento de arquitecto como directos de obra, visado polo correspondente colexio profesional e en modelo homologado por dito colexio.

En data 09.11.2023 co núm. de rexistro de entrada 2023999000001758, achegase ao expediente a documentación solicitada no apartado anterior e visada.

O proxecto de execución achegado non presenta diferenzas con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras en canto aos parámetros urbanísticos.

Visto que a documentación que se achegou ao expediente é conforme e completa, e as condicións urbanísticas non variaron, segundo o informe do arquitecto municipal de data 29 de novembro de 2023 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Dar por válida a documentación técnica achegada en data 09.11.2023 co núm. de rexistro de entrada 2023999000001758, podendo dar comezo ás obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 235/2022.

**Segundo.-** Considerando que o orzamento de execución material de referencia (PEMR) reflexado no proxecto de execución e o orzamento de execución material da obra (PEM) non varía, non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 25.05.2023.

**Terceiro.-** Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,  
O Alcalde, Alberto González Fernández.”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, a sesión acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/U022/000022).**

#### **B.- Licenza de parcelación.-**

#### **Proposta de Alcaldía para licenza de parcelación.**

“Expte 5/2023

Tedec 2023/U018/000006

- Expte. de parcelación (exp. 05/2023).- [REDACTED] e outra (representado por [REDACTED]) - Para licenza de parcelación de finca no lugar **Castido, 46 y 48**, parroquia de Lago. Concello de Valdoviño, segundo a documentación presentada:

- Proxecto de parcelación de parcelas (segregacións para agrupación e agregacións) realizado polo Arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Dna. Paula Freire Dopico, de 11.09.2023.
- Proxecto de parcelación de parcelas (segregacións para agrupación e agregacións) realizado polo Arquitecto Antonio Piñeiro Conchado e a Técnica Superior en Topografía e Urbanismo Dna. Paula Freire Dopico, de 30.11.2023 e que substitúe ao anterior.

As parcelas obxecto deste proxecto teñen as referencias catastrais nº. **15088A50100480001HU e 15088A501040240000GD** e correspóndense coas parcelas nº. 480 e 4024, respectivamente, do polígono nº 501 do plano parcelario do catastro de rústica deste Concello.

Así mesmo, as parcelas obxecto deste expediente correspóndense coa parcela nº. 480 do polígono 1 da Concentración parcelaria de Lago.

Os Lotes Resultantes son:

PARCELAS	SUPERFICIE TOTAL	CLASIFICACIÓN SUELO	SUPERFICIES PARCIALES	
PARCELA RESULTANTE FR-01	1.410 m <sup>2</sup>	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	1.410 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	1.400 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	10 m <sup>2</sup>
PARCELA RESULTANTE FR-02	2.095 m <sup>2</sup>	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	2.095 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	2.093 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	2 m <sup>2</sup>
PARCELA RESULTANTE FR-02	3.679 m <sup>2</sup>	Núcleo rural	Sup. parcela Bruta	3.679 m <sup>2</sup>
			Sup. parcela Neta	3.623 m <sup>2</sup>
			Sup Cesión viales	56 m <sup>2</sup>

Considerando o **informe do arquitecto municipal de data 5 de decembro de 2023**, no que conclúe que o proxecto de parcelación é viable segundo a normativa en vigor e polo tanto **FAVORABLE**.

E visto **informe xurídico da secretaria municipal de data 6 de decembro de 2023**, emitido igualmente en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro.- Conceder** a licenza de parcelación **no lugar A Castido, 46 y 48, Parroquia de Lago, Concello de Valdoviño** aos solicitantes [REDACTED] e outra nas condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 5 de decembro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Segundo.-** Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de **862,08 €**.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos solicitantes cos recursos que procedan.

**Cuarto.-** Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos e ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

**/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO ALCALDE DON ALBERTO GONZALEZ FERNANDEZ NA DATA INDICADA Á MARXE/”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U018//000006).**

**C.-Licenza de obra maior.-**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.**

**“Expte: 112/2023 Tedec 2023/U022/000007.**

**.- Expte. de obras 112/2023.-** (representada por )  
.- Para as obras de **rehabilitación e ampliación de vivienda unifamiliar aillada situada** nunha parcela no Lugar de Castido nº 75, parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (**referencia catastral da vivienda nº. 000802200NJ62F0001QO e parcela nº. 15088A501008440000GD**).

Considerando a documentación achegada:

- Proxecto básico de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar achegado o 17.04.2023 e visado o 17.04.2023 e 18.04.2023, respectivamente, redactado pola arquitecta Magdalena López Martínez.
- Anexo I ao proxecto básico de rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar (planos ER1B e ER3B) achegado o 25.10.2023 e visado o 24.10.2023, redactado pola mesma arquitecta.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Magdalena López Martínez, achegado o 17.04.2023 e visado o 14.04.2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL, ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA, e SOLO NON URBANIZABLE (Común)**.

E a vivenda que se pretende rehabilitar e ampliar sitúase na zona da parcela clasificada como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA**.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 05/12/2023 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 06/12/2023 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Conceder a [REDACTED] (representada por [REDACTED]) a licenza municipal de obras para a **rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar aillada situada** nunha parcela no Lugar de Castido nº 75, parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (**referencia catastral da vivenda nº. 000802200NJ62F0001QO e parcela nº. 15088A501008440000GD**).

A licenza outorgase salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**Segundo.-** As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta [REDACTED] e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 5 de decembro de 2023, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

**Terceiro.-** Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1217,38 €, ICIO.- 5.599,94 €**

**Cuarto.-** Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

**Quinto.-** Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

**En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”**

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022//000007).**

#### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dezanove horas e cincuenta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*